





PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO (PLC)

IES PLURILINGÜE XOSÉ NEIRA VILAS

Última actualización: 1 de setembro de 2025



1. Descrición do medio e situación sociolingüística
2. Procedencia do alumnado e linguas que fala
3. Mapa sociolingüístico escolar
4. Linguas vehiculares na actividade académica
 - 4.1. Distribución de horas lectivas e linguas vehiculares aprobadas no centro
 - 4.2. *Estratexias de dinamización do galego no centro*
 - 4.3. *Plurilingüismo, Bachibac e seccións bilingües*
5. Tratamento integrado das linguas
6. Lexislación e wegrafía



1. Descrición do medio e situación sociolingüística

O IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas conta no presente curso (2025/26) con 387 alumnas e alumnos distribuídos da seguinte maneira: 277 cursan a ESO e 110 o Bacharelato. A contorna na que se enmarca o noso centro é eminentemente castelanfalante, se ben é certo que hai alumnado que nas aulas fala castelán, pero que no seo da familia fala galego.

2. Procedencia do alumnado e linguas que fala

O alumnado deste centro procede fundamentalmente do propio concello de Oleiros, se ben atopamos tamén alumnado orixinario doutras zonas de Galicia, doutros lugares de España e mesmo doutros países.

Do total de 387 alumnas e alumnos que están matriculados na actualidade no noso centro, 335 teñen Galicia como lugar de nacemento; 19 naceron dentro do territorio do Estado español, pero fóra de Galicia; por último, 49 alumnos (un 12 % do total) son orixinarios doutros 19 países, principalmente latinoamericanos.

A este respecto conviría estudar, non obstante, cal é a relación que cada un/ha deses/as 49 alumnos/as de orixe estranxeira mantén co galego e co castelán, pois a casuística é variada e pode ser que haxa tanto casos de persoas recén chegadas do estranxeiro e sen ningunha relación previa coas nosas linguas, como descendentes de familias galegas residentes no estranxeiro e que polo tanto teñen o galego e o castelán como linguas nais.

3. Mapa sociolingüístico escolar

Pendente de elaboración tras a sinatura dun acordo de colaboración coa Real Academia Galega en maio de 2025.

4. Linguas vehiculares na actividade académica

As linguas vehiculares da docencia de cada materia dependen do disposto no *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, que nos seus artigos 7º e 8º regula este aspecto na ESO e no Bacharelato, respectivamente. Co obxectivo de conseguir o primeiro dos puntos do artigo 7º ("garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia") establécense as seguintes disposicións:

- a) as materias de lingua impartiranse na lingua de referencia;



b) impartiranse en galego as materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias da Natureza e Bioloxía e Xeoloxía; e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxía e Física e Química.

Fóra desas materias, cuxa lingua vén determinada polo Decreto de plurilingüismo, "cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV acerca do uso das linguas estranxeiras como linguas vehiculares, que poderán ter unha presenza como máximo dun terzo do horario semanal)". O Decreto do plurilingüismo indica que estes acordos terán unha vixencia de catro anos. Acerca da distribución das linguas vehiculares no Bacharelato, o artigo 8º di simplemente que "cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelán", sen sinalar ningunha lingua adscrita a algunha materia en concreto.

4.1. Distribución de horas lectivas e linguas vehiculares aprobadas no centro

Atendendo á lexislación anteriormente indicada, o Claustro e o Consello escolar do noso instituto, previa proposta da CCP, acordaron e aprobaron a seguinte distribución de horas lectivas coas súas correspondentes linguas vehiculares:

1º ESO		
MATERIA	Nº DE HORAS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR
Bioloxía e Xeoloxía	5	Galego
Educación física	2	Galego
Educación plástica, visual e audiovisual	2	Galego
Lingua castelá e literatura	4	Castelán
Lingua estranxeira: Inglés	3	Inglés
Lingua galega e literatura	3	Galego
Matemáticas	4	Castelán
Proxecto competencial	1	Galego
Relixión católica	1	Castelán
Segunda lingua estranxeira: Francés	2	Francés
Tecnoloxía e Dixitalización	3	Castelán
Xeografía e Historia	3	Galego
Xeografía e Historia plurilingüe	3	Francés

Das 32 horas de docencia impartidas semanalmente:

- nº de horas de docencia en castelán: 12.
- nº de horas de docencia en galego: 16 (13 no caso do alumnado de Xeografía e Historia plurilingüe).



- nº de horas de docencia en lingua estranxeira (francés ou inglés): 5 (8 no caso do alumnado de Xeografía e Historia plurilingüe).

2º ESO		
MATERIA	Nº DE HORAS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR
Educación física	2	Galego
Física e Química	3	Castelán
Física e Química (Sección bilingüe)	3	Inglés
Lingua castelá e literatura	3	Castelán
Lingua estranxeira: Inglés	3	Inglés
Lingua galega e literatura	4 ¹	Galego
Matemáticas	5	Castelán
Música	2	Galego
Proxecto competencial	1	Galego
Relixión católica	1	Galego
Segunda lingua estranxeira: Francés	2	Francés
Tecnoloxía e Dixitalización	3	Castelán
Xeografía e Historia	3	Galego
Xeografía e Historia plurilingüe	3	Francés

Das 32 horas de docencia impartidas,

- nº de horas de docencia en castelán: 14 (11 no caso do alumnado da sección bilingüe de Física e Química).
- nº de horas de docencia en galego: 13 (10 no caso do alumnado de Xeografía e Historia plurilingüe).
- nº de horas de docencia en LE (francés ou inglés): 5 (máximo de 11 no caso do alumnado da sección bilingüe de Física e Química e de Xeografía e Historia plurilingüe).

3º ESO		
MATERIA	Nº DE HORAS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR
Bioloxía e Xeoloxía	2	Galego
Cultura clásica	3	Galego
Cultura financeira	3	Galego
Educación dixital	3	Galego
Educación en valores cívicos e éticos	1	Galego
Educación física	2	Castelán
Educación plástica, visual e audiovisual	2	Castelán
Física e Química	2	Castelán
Física e Química (Sección bilingüe)	2	Inglés
Lingua castelá e literatura	3	Castelán
Lingua estranxeira: Inglés	3	Inglés
Lingua galega e literatura	3	Galego

1 A partir do curso 2026-2027.



Matemáticas	4	Castelán
Música	2	Galego
Oratoria	3	Gal/Cas ²
Proxecto competencial	1	Galego
Relixión católica	1	Castelán
Segunda lingua estranxeira: Francés	3	Francés
Xeografía e Historia	3	Galego
Xeografía e Historia plurilingüe	3	Francés

Das 32 horas de docencia impartidas,

- nº de horas de docencia en castelán: 14 (17 o curso que Oratoria se imparte en castelán; 11 no caso do alumnado da sección bilingüe de Física e Química).
- nº de horas de docencia en galego: 21 (24 o curso que Oratoria se imparte en galego; 18 no caso do alumnado de Xeografía e Historia plurilingüe).
- nº de horas de docencia en LE (francés ou inglés): 6 (máximo de 12 no caso do alumnado da sección bilingüe de Física e Química e de Xeografía e Historia plurilingüe).

Porén, cómpre ter en conta que este cálculo total inclúe as materias optativas e outras (como Relixión católica e Proxecto competencial), das que o alumnado só cursa algunhas, polo que o cómputo total de horas de docencia impartidas en cada lingua en galego ou castelán pode variar lixeiramente.

4º ESO		
MATERIA	Nº DE HORAS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR
Biología e Xeoloxía	3	Galego
Cultura clásica	3	Galego
Dixitalización	3	Castelán
Economía e emprendemento	3	Galego
Educación física	2	Castelán
Expresión artística	3	Galego
Filosofía	3	Galego
Física e Química	3	Castelán
Física e Química (Sección bilingüe)	3	Inglés
Intelixencia artificial para a sociedade	3	Galego
Latín	3	Galego
Lingua castelá e literatura	3	Castelán
Lingua estranxeira: Inglés	3	Inglés
Lingua galega e literatura	3	Galego
Matemáticas (A ou B)	4	Castelán
Oratoria	3	Gal/Cas ³
Proxecto competencial	1	Galego

2 Esta materia asígnase de xeito rotatorio aos departamentos de Lingua galega e Lingua castelá en cada curso escolar.

3 Esta materia asígnase de xeito rotatorio aos departamentos de Lingua galega e Lingua castelá en cada curso escolar.



Relixión católica	1	Castelán
Segunda lingua estranxeira: Francés	3	Francés
Xeografía e Historia	3	Galego
Xeografía e Historia plurilingüe	3	Francés

Das 32 horas de docencia impartidas,

- nº de horas de docencia en castelán: 16 (19 o curso que Oratoria se imparte en castelán; 13 no caso do alumnado da sección bilingüe de Física e Química).
- nº de horas de docencia en galego: 28 (31 o curso que Oratoria se imparte en galego; 25 no caso do alumnado de Xeografía e Historia plurilingüe).
- nº de horas de docencia en LE (francés ou inglés): 6 (máximo de 12 no caso do alumnado da sección bilingüe de Física e Química e de Xeografía e Historia plurilingüe).

Porén, cómpre ter en conta que este cálculo total inclúe as materias de opción, optativas e outras (como Relixión católica e Proxecto competencial), das que o alumnado só cursa algunhas, polo que o cómputo total de horas de docencia impartidas en cada lingua en galego ou castelán pode variar lixeiramente.

1º BACHARELATO		
MATERIA	Nº DE HORAS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR
Anatomía aplicada	4	Galego
Antropoloxía	4	Galego
Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias ambientais	4	Galego
Cultura científica	4	Castelán
Debuxo técnico I	4	Castelán
Economía	4	Galego
Educación física	3	Castelán
Filosofía	3	Galego
Filosofía (Bachibac)	3	Francés
Física e Química	4	Castelán
Grego I	4	Galego
Historia do mundo contemporáneo	4	Galego
Latín I	4	Galego
Lingua castelá e literatura I	3	Castelán
Lingua estranxeira: Francés I (Bachibac)	5	Francés
Lingua estranxeira: Inglés I	3	Inglés
Lingua galega e literatura I	3	Galego
Literatura galega do século XX e actualidade	4	Galego
Literatura universal	4	Castelán
Matemáticas aplicadas ás CCSS I	4	Castelán
Matemáticas I	4	Castelán
Relixión católica	1	Castelán
Segunda lingua estranxeira: Francés I	4	Francés
Segunda lingua estranxeira: Inglés I	4	Inglés
Tecnoloxía e Enxeñaría I	4	Castelán



Tecnoloxías da información e a comunicación I	4	Galego
Tecnoloxías intelixentes	4	Castelán


Das 32 horas (ou 34 para Bachibac) de docencia semanal impartidas:

- nº de horas de docencia de materias comúns: en castelán: 6; en galego: 6; en francés: 5 (para o alumnado Bachibac); en inglés: 3.
- nº de horas de docencia de materias de modalidade: en castelán: 24; en galego: 28.
- nº de horas de docencia de materias optativas: en castelán: 9; en galego: 12; en francés: 4; en inglés: 4.

Cómpre ter en conta que este cálculo total inclúe as materias de opción, optativas e outras (como Relixión católica e Proxecto competencial), das que o alumnado só cursa algunhas, polo que o cómputo total de horas de docencia impartidas en cada lingua en galego ou castelán pode variar lixeiramente.

2º BACHARELATO		
MATERIA	Nº DE HORAS SEMANAIS	LINGUA VEHICULAR
Bioloxía	4	Castelán
Debuxo técnico II	4	Castelán
Deseño	4	Castelán
Empresa e deseño de modelos de negocio	4	Galego
Física	4	Castelán
Grego II	4	Galego
Historia da Arte	4	Galego
Historia da Filosofía	3	Galego
Historia de España	3	Galego
Historia de España e Francia	5	Francés
Latín II	4	Galego
Lingua castelá e literatura II	3	Castelán
Lingua estranxeira: Francés II	3	Francés
Lingua estranxeira: Inglés II	3	Inglés
Lingua galega e literatura II	3	Galego
Matemáticas aplicadas ás CCSS II	4	Castelán
Matemáticas II	4	Castelán
Métodos estatísticos e numéricos	4	Castelán
Psicoloxía	4	Galego
Química	4	Castelán
Segunda lingua estranxeira: Francés II	4	Francés
Segunda lingua estranxeira: Inglés II	4	Inglés
Tecnoloxía e Enxeñaría II	4	Castelán
Tecnoloxías da información e a comunicación II	4	Galego
Xeografía	4	Galego
Xeoloxía e Ciencias ambientais	4	Galego

Das 32 horas (ou 34 para Bachibac) de docencia semanal impartidas:



- nº de horas de docencia de materias comúns: en castelán: 3; en galego: 9; en francés: 8 (para o alumnado Bachibac); en inglés: 3.
- nº de horas de docencia de materias de modalidade: en castelán: 28; en galego: 24.
- nº de horas de docencia de materias optativas: en castelán: 8; en galego: 8; en francés: 4; en inglés: 4.

Cómpre ter en conta que este cálculo total inclúe as materias de opción, optativas e outras (como Relixión católica e Proxecto competencial), das que o alumnado só cursa algunhas, polo que o cómputo total de horas de docencia impartidas en cada lingua en galego ou castelán pode variar lixeiramente.

4.2. Estratexias de dinamización do galego no centro


O noso instituto conta cun equipo de dinamización da lingua galega, actualmente coordinado polo profesorado do Departamento de lingua galega e integrado por profesorado e alumnado do centro, que, ao longo de cada curso escolar, desenvolve un amplísimo e variado abano de actividades e proxectos que forman parte do plan de dinamización do uso da lingua galega, elaborado anualmente e publicado na web do centro.

4.3. Plurilingüismo, Bachibac e seccións bilingües

Ademais do bilingüismo inherente ao ensino en Galicia, o noso centro ten como liña prioritaria o estudo de diversas linguas estranxeiras (especialmente, francés e inglés) cunha metodoloxía AICLE a través do seu recoñecemento como centro plurilingüe e PluriBach e da existencia do programa Bachibac e de seccións bilingües de Física e Química en inglés na ESO.

- **Centro plurilingüe en Xeografía e Historia:** o alumnado dos catro cursos da ESO pode cursar a materia de Xeografía e Historia en francés. O número de alumnas e alumnos que, de media, seguen a formación plurilingüe en Xeografía e Historia en francés sitúase arredor da veintena cada curso escolar. Ao remate dos catro anos desta formación, o alumnado que a segue recibe a súa correspondente certificación. Ademais da formación curricular, lingüística e cultural, a meirande parte deste alumnado examínase e obtén a certificación do Delf B1 ao remate da etapa de escolarización obrigatoria.

- **Centro Pluribach: Bachibac.** O IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas obtivo no curso 2024-2025 o recoñecemento de centro PluriBach grazas ao proxecto educativo que se implantou en 2014-2015, a dobre titulación de Baccalauréat-Bacharelato (Bachibac). O noso centro é, de feito, o único en Galicia que oferta esta modalidade formativa, que consiste en cursar parte do Bacharelato en lingua francesa e con contidos comúns ao Bacharelato francés, de xeito que ao



seu termo o alumnado que o supere obtén a dobre titulación e un nivel de francés equivalente ao B2 (debendo, en todo caso, presentarse ao exame oficial do Delf B2 para poder acreditarlo).

1º de Bachibac: o alumnado deste curso estuda as seguintes materias en francés: Filosofía e Lingua estranxeira: Francés I. Asemade, realiza un intercambio lingüístico con alumnado do Lycée Saint François-Xavier de Vannes (Bretaña, Francia).

2º de Bachibac: o alumnado deste curso estuda as seguintes materias en francés: Historia de España e Francia e Lingua estranxeira: Francés II.

Toda a información detallada sobre o plan de estudos do Bachibac no noso centro, cifras de alumnado, normativa e outra información relevante pode consultarse na páxina web do instituto: <https://iesneiravilas.es/informacion-academica/bachibac/>.

- **Seccións bilingües de Física e Química:** no noso centro ofértase a posibilidade de cursar a materia de Física e Química en lingua inglesa nos cursos de 2º, 3º e 4º ESO. Ao remate de cada sección bilingüe o alumnado que a seguise recibe a súa correspondente certificación.

5. Tratamento integrado das linguas

Pendente de elaboración.

6. Lexislación e webgrafía

- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (art. 17, punto 5).
- Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (art. 18, punto 5).
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario.



- Resolución do 31 de marzo de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se regula o bacharelato de especialización en idiomas (PluriBach), para o curso 2025-2026.
- Orde EDU/2157/2010, do 30 de xullo, modificada pola Orde EFP/935/2022, de 27 de setembro, pola que se regula o currículo mixto das ensinanzas acollidas ao Acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de Bacharelato e de Baccalauréat en centros docentes españois, así como os requisitos para a súa obtención.
- Resolución do 24 de xullo de 2025, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se dictan instrucións relativas ao programa de dobre titulación Bachiller-Baccalauréat correspondentes ao curso 2025-2026 [Resolución anual].
- Resolución do 16 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regula a incorporación e impartición do programa de dobre titulación de bacharel e baccalauréat (Bachibac) en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2024/25 [Resolución anual].
- Resolución do 25 de marzo de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se convoca a proba externa do programa de dobre titulación de Bacharel e Baccalauréat para o curso académico 2024/2025 e se ditan instrucións para o seu desenvolvemento [Resolución anual].
- Bachibac (Ministerio de Educación, Formación profesional e Deportes):
<https://www.educacionfpydeportes.gob.es/mc/bachibac/presentacion/programa.html>
- Marco común europeo de referencia:
https://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/marco/indice.htm
- Portfolio europeo das linguas: <http://www.sepie.es/iniciativas/portfolio/index.html>
- Exames do Instituto Cervantes para recoñecer nivel de competencia en español:
<https://exámenes.cervantes.es/es/dele-para-escolares/preparar-prueba-escolares>
- Niveis Celga en Lingua Galega: <https://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga>
- Exames DELF-DALF en francés: <https://www.delf-dalf.es/>
- Exames Oxford en inglés: <https://examenesoxford.com/>
- Latín e grego: <https://culturaclasica.com/>
- Sociedad española de estudos clásicos: <http://www.estudiosclasicos.org/>